

Camiño Noia Campos (2024): *O conto de tradición oral*. Esenciais. Breviarios de divulgación do saber 10. Vigo: Servizo de publicacións da Universidade de Vigo, 110 páxs.

Acaba de saír do prelo un novo número de «Esenciais. Breviarios de divulgación do saber», iniciativa editorial do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, dirixido con man habelenciosa polo profesor Jorge Luis Bueno Alonso, que busca achegar o coñecemento científico e académico ao público en xeral. Os libros desta colección, dun xeito doado e conciso que facilita a comprensión, presentan propostas asinadas por persoas expertas e académicas recoñecidas nos seus respectivos ámbitos (ciencia, tecnoloxía, humanidades...). Este proxecto parte do compromiso da institución coa promoción do coñecemento e expón recursos de calidade comprensibles para unha audiencia non especializada.

O conto de tradición oral é un breve ensaio que ofrece unha base teórica que fornece as claves necesarias para comprender a orixe, caracterización e evolución do conto de tradición oral. Camiño Noia Campos, catedrática emérita do departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo, realiza unha nova achega á investigación da literatura de tradición oral con esta recente publicación que complementa perfectamente os seus anteriores estudos, entre os que cómpre destacar: *Contos galegos de tradición oral* (1992), *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral* (2010) e *Catalogue of Galician Folktales* (2021).

No limiar que abre o volume, ante o perigo da extinción da tradición oral, xa adiantada polo filósofo Walter Benjamin en Alemaña na década de 1930, a profesora Noia salienta o papel da literatura oral como esencia da nosa identidade e patrimonio como pobo. Pois, os contos dos nosos antepasados «son fonte de coñecemento das antigas sociedades rurais e algunhas das súas historias aínda poden entreter, educar e consolar» (p. 11).

Esta obra está dividida en seis capítulos. O primeiro deles, «Nacemento do folclore», convida a introducirmos na evolución da consideración da tradición popular, facendo fincapé no labor dos irmáns Grimm. Posteriormente, analiza as primeiras recompilacións realizadas na península ibérica, primeiro a nivel xeral e, a continuación, máis concretamente, en Galicia. Nesta última, salienta, ademais doutras publicacións, o papel das revistas que incluían este tipo de materiais: *O Tío Marcos da Portela*, *Nós*, *Almanaque Gallego*, *Follas Novas*...

No segundo e terceiro capítulo do ensaio «Que é un conto de tradición oral?» e «Orixe e clasificación dos contos», a investigadora amosa un sucinto itinerario histórico a través de diversas hipóteses e conceptos básicos. En primeiro lugar, céntrase nas posibles definicións de conto e lenda. Entre as múltiples características destacadas do conto é preciso subliñar o esquematismo dunha narración simple, a inclusión de personaxes arquetípicos duais e que, habitualmente, principia cunha fórmula inicial. Noia adoza, ademais, este capítulo cun texto recollido no concello de Tomiño que permite ver a ambigüidade dos conceptos analizados. En segundo lugar, presenta diversas teorías sobre a orixe dos contos e a súa clasificación, onde

destaca a escola de Helsinki. Amais diso, para facilitar a comprensión e catalogación dos contos, achega unha definición de *tipo*, *versión*, *motivo* e *episodio*. Deste xeito, conclúe que o motivo é a unidade mínima de sentido na composición dun conto e que un episodio é unha unidade narrativa independente.

A seguir, en «Tipos de contos», partindo da clasificación xa canónica de Stith Thompson (*The Types of the Folktales*), complementada posteriormente por Jörg Uther, establece sete apartados: animais, maxia ou marabillosos, relixiosos, realistas, ogro (xigante, demo) estúpido, anécdotas e chistes, e, por último, contos de fórmula. Neste cuarto capítulo ofrece datos concretos de contos galegos que axudan a asimilar cada unha das tipoloxías. Por exemplo, nos contos de maxia ou marabillosos, a catedrática realza a localización en espazos indefinidos do mundo rural, a saída do fogar dun heroe/heroína que se caracteriza pola pobreza, valentía e xenerosidade, e o recibimento de axuda por parte dunha vella/vello, dunha moura ou dun ser do alén. Á súa vez, no marco da tipoloxía de anécdotas e chistes, salienta que é o apartado máis extenso e mellor conservado. Os contos que se insiren dentro desta categoría mostran conflitos cotiáns en clave de humor, nos que a muller adoita ter un papel esencial.

En quinto lugar, en «Oralidade e escritura», logo dun conciso percorrido dende a cultura grecolatina ata as coleccións medievais, a través de abundantes referencias históricas e literarias, Noia recolle e analiza o conto «A viúva e os arrieiros», proba de como a oralidade e a escritura serviron como ferramentas complementarias na difusión da literatura de tradición oral.

Por último, no sexto capítulo, intitulado «Conto e sociedade», a autora achégase a catro elementos básicos: a función didáctica, o valor simbólico, as representacións sociais e o rol da muller. A literatura de tradición oral cumpría unha serie de funcións no marco da comunidade como entreter, ensinar, celebrar ou curar, sobre todo na infancia. Neste contexto, era esencial a comunicación non verbal, fundamentalmente dos elementos paralingüísticos (ton, volume, pausas...) e quinésicos (xestos, miradas...). Para Noia non hai dúbida de que os contos son retratos sociais, unha parte da nosa historia, que reflicten a dureza da vida do campesiñado, os traballos, a fame e as relacións familiares. Por iso resulta habitual a aparición de madrastas (alta mortalidade no parto) e o abandono de crianzas e persoas maiores (miseria).

Conclúe este capítulo cun conciso apartado sobre a representación da muller, onde resalta habilmente a feminización dos contos galegos. As mulleres, centro da vida familiar e social, como produtoras e transmisoras, tiveron o poder de establecer unha previa censura preventiva contra os contos que as denigraban. Deste xeito, a diferenza doutras tradicións, os personaxes femininos dos contos galegos orais non se caracterizaban pola parvidade ou a maldade.

No epílogo que pecha o volume, Noia destaca, con comedido pesimismo, a necesidade de coñecer e valorar os contos dos nosos antepasados como fonte de sabedoría, xa que son unha práctica literaria «con grandísimo valor que está a pique de desaparecer para sempre» (p. 103). Porén, pese á evidente mudanza na súa

conservación e transmisión, o conto popular resiste o paso do tempo grazas á literatura infantil, adaptándose e adecuándose aos intereses mutables das sociedades, ás correntes literarias e ás principais finalidades. Por iso, na actualidade, as escritoras da infancia de máis recoñecemento (as mulleres seguen posuíndo o papel de produtoras e transmisoras na nosa sociedade) como Fina Casalderrey, Eva Mejuto ou Paula Carballeira beben directamente da tradición oral. Os demos, as mouras e as ánimas seguen vivindo entre nós grazas a elas.

O resultado final desta análise exhaustiva das características, funcións e evolución dos contos tradicionais, sen esquecer a súa importancia cultural e social, é unha publicación completa, ben estruturada e argumentada que serve como piar para futuros estudos, tanto no marco literario coma didáctico. Cómpre salientar a riqueza documental da obra, xa que Noia incorpora un amplo abano de fontes e exemplos para ilustrar os puntos clave. Amais do público en xeral e do estudantado de literatura, o alumnado dos Graos de Educación Infantil e Primaria poderán empregar esta obra como base teórica na que asentar os seus proxectos docentes relacionados coa literatura de tradición oral. No fin de contas, un libro que deixa con gana de máis e que abre múltiples opcións para seguir investigando.

Verónica Pousada Pardo (Universidade de Vigo)
vpousada@uvigo.gal